

REGULAMENTO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES LINGÜÍSTICAS PARA O XI ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Universidade de Santiago de Compostela organiza, coa colaboración da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, a undécima edición do Encontro da Mocidade Investigadora. Este evento ten por finalidade principal que o estudantado de doutoramento das tres institucións académicas comparta as súas investigacións e estableza redes de colaboración e traballo científico entre si. A intencionalidade do evento diríxese, polo tanto, á creación dunha contorna de difusión de coñecemento e debate científico entre todas aquelas persoas matriculadas en calquera dos programas de doutoramento ofertados polas tres universidades galegas.

Para acadar as metas indicadas resulta necesario establecer un marco xurídico sobre as linguas admitidas para a participación e desenvolvemento no evento. A este obxectivo responde a presente normativa, cuxas disposicións se axustan ao disposto no Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno en sesión ordinaria o día 28 de outubro de 2022. Este último texto legal declara o galego como lingua propia e oficial da Universidade de Santiago de Compostela (artigo 3) e trata de contribuír ao uso do galego naqueles ámbitos institucionais e científicos nos que carece dunha presenza equilibrada.

En base ao indicado procédese á declaración das seguintes bases lingüísticas para o XI Encontro da Mocidade Investigadora

CAPÍTULO PRELIMINAR

Uso e promoción do galego

Artigo 1. Lingua principal do XI Encontro da Mocidade Investigadora

O XI Encontro da Mocidade Investigadora terá ao galego como lingua principal para todos aqueles actos institucionais, de participación científica e publicidade do evento. Esta decisión corresponde aos obxectivos xerais da normativa lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, que tenta promocionar e consolidar ao galego nos campos da investigación e da divulgación.

CAPÍTULO I

Actos institucionais do XI Encontro da Mocidade Investigadora

Artigo 2. Apertura, clausura e comunicacións institucionais en galego

As xornadas de apertura e clausura do XI Encontro da Mocidade Investigadora transcorrerán en todo caso en galego, en conformidade co disposto no artigo 6 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela.

As comunicacións institucionais que realice a organización do XI Encontro da Mocidade Investigadora serán en galego. O envío de correos electrónicos a todas as persoas inscritas no evento que teñan por obxectivo trasladar información institucional sobre o evento será en galego.

Artigo 3. Uso excepcional doutros idiomas

De conformidade co artigo 6 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, admitiranse intervencións institucionais en castelán ou, excepcionalmente, noutras linguas estranxeiras se así o aconsella o protocolo ou as circunstancias que concorran no desenvolvemento do XI Encontro da Mocidade Investigadora.

CAPÍTULO II

Bases lingüísticas para as sesións plenarias

Artigo 4. Plenarias

As diversas sesións plenarias que teñan lugar durante o XI Encontro da Mocidade Investigadora realizaranse en galego ou en castelán.

CAPÍTULO III

Comunicacións e pósteres

Artigo 5. Preferencia de uso do galego e castelán

As linguas principais para presentar aportacións científicas (comunicacións orais ou pósteres) ao XI Encontro da Mocidade Investigadora serán o galego e o castelán. O uso de calquera das dúas linguas axustase á normativa de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela e, sobre todo, á intencionalidade do evento, que é a difusión e posta en común do coñecemento científico por parte de todas as persoas que realizan a súa tese en calquera das tres universidades galegas.

Ás razóns expostas engádese que o artigo 35.1 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela establece que a tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en galego ou castelán.

Artigo 6. Admisión excepcional do inglés como lingua dominante na área de estudo

Nos campos de coñecemento nos que a lingua habitual para a difusión das investigacións sexa o inglés, poderase participar no XI Encontro da Mocidade Investigadora en dito idioma, ben sexa mediante a presentación dunha comunicación oral ou dun póster.

A admisión de contribucións en lingua inglesa realizase a pesar de que se recomende, en aras da difusión e intercambio científico, o uso do galego ou castelán.

Artigo 7. Admisión excepcional das linguas modernas que forman parte dos plans de estudo das Facultades de Filoloxía das tres universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia

O XI Encontro da Mocidade Investigadora admite igualmente a participación no evento mediante comunicacións orais e pósteres en calquera das linguas modernas que son obxecto de estudo ou integran os plans de estudos ofrecidos na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Grao en Linguas e Literaturas Modernas e Grao en Lingua e Literatura Inglesas), da Universidade da Coruña (graos en Inglés, Portugués e programas de Simultaneidade) e da Universidade de Vigo (Grao en Linguas Estranxeiras e Grao en Tradución e Interpretación).

Este recoñecemento restrínxese, non obstante, a aquelas contribucións científicas levadas a cabo por persoas cuxa tese se estea desenvolvendo nunha das linguas modernas que se integran nos devanditos plans de estudo: alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

A admisión de contribucións nas devanditas linguas realizase a pesar de que se recomende, en aras da difusión e intercambio científico, o uso do galego ou castelán.

Artigo 8. Envío e publicación do resumo

Os resumos das contribucións científicas serán con carácter xeral en galego ou castelán. As persoas que desexen publicar o seu resumo nalgúnhas das linguas recoñecidas nos artigos 6 e 7, con independencia de que manteñan o uso da devandita lingua estranxeira na presentación da súa comunicación oral, deberán enviar unha tradución no idioma elixido e manifestar que esa é a versión que desexan que se publique no libro de resumos.

CAPÍTULO IV

Publicidade do XI Encontro da Mocidade Investigadora

Artigo 9. O galego como lingua principal para a difusión do evento

A lingua principal para a difusión e publicidade do XI Encontro da Mocidade Investigadora será o galego.

Empregarase a lingua galega nas publicacións relativas ao evento que se dispoñan nas redes sociais oficiais do XI Encontro da Mocidade Investigadora, así como nos carteis impresos que se distribúan polas facultades, bibliotecas e demais edificios ou dependencias pertencentes ás universidades galegas organizadoras do evento.

Esta decisión axústase ao disposto no artigo 12 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela, que establece que os elementos publicitarios e visuais sobre congresos, simposios, conferencias, xornadas e outras actividades de natureza análoga terán como mínimo unha versión en galego.